
## *Meu Fillo, eu si te coñezo*

No día do noso bautismo, Deus Pai dinos:
Meu Fillo: Ti aínda non sabes o que es, descoñeces as posibilidades que hai escondidas en ti.
Esperta e esquece os teus fallos e cansazos, porque todo iso non é o teu verdadeiro eu.
Déixate amar e guiar e... xa verás!
Máis aló das túas dúbidas eu mírote, eu ámote, eu elíxote e abro as portas do ceo para mostrarcho. Ti es un fillo a quen quero.
Ti permaneces no meu corazón e arrólote como pai ou nai no meu colo, para que fagas visible o que es para min.
Sé o soño feito realidade de ti mesmo.
Activa as posibilidades que en ti puxen.
Non hai ningún don ao que non poidas aspirar.
Levas o meu selo, o meu sangue e o meu espírito.
Bícote, ámote, libérote, lánzote...
Ábrote á vida e fágote dono.
Estás no mundo polo teu ben e o meu querer.




**12-xaneiro -2025**
**Nadal-C-**
**Bautismo do Señor**

Peregrinos de Esperanza




# En cada bautismo ábrese o ceo e soa: ti es o meu fillo amado!

# Nadal 24-25

**ISAÍAS** 40, 1-5. 9-11: *Revelarase a gloria do Señor e verana todos.*

«Consolade, consolade o meu pobo, —di o voso Deus—; falade ao corazón de Xerusalén, gritádelle que se cumpriu o seu servizo, e está pago o seu crime, pois da man do Señor recibiu dobre paga polos seus pecados». Unha voz grita: «No deserto preparádelle un camiño ao Señor; achandade na estepa unha calzada para o noso Deus; que os vales se levanten, que montes e outeiros se abaixen, que o torcido se endereite e o escabroso iguálese. Revelarase a gloria do Señor, e verana todos xuntos —falou a boca do Señor—».

Súbete a un monte elevado, heraldo de Sión; alza forte a voz, heraldo de Xerusalén; álzaa, non temas, di ás cidades de Xudá: «Aquí está o voso Deus. Mirade, o Señor Deus chega con poder e co seu brazo manda. Mirade, vén con el o seu salario e a súa recompensa precédeo.

Como un pastor que apacenta o rabaño, reúne co seu brazo os años e lévaos sobre o peito; coida el mesmo ás ovellas que crían». ***Palabra do Señor.***

**SALMO 103:** ***Bendice, alma miña, ao Señor: Meus Deus, que grande es!***

**TITO 2,11-14: Salvounos polo baño do novo nacemento e da renovación do Espírito Santo.**

**LUCAS 3, 15-16. 21-22:** *Xesús foi bautizado; e, mentres oraba, abríronse os ceos.*

**Narrador:** Naquel tempo, o pobo estaba expectante, e todos se preguntaban no seu interior sobre Xoán se non sería o Mesías, Xoán respondeulles dirixíndose a todos:

**Xoán:** -«Eu bautízovos con auga; pero vén o que é máis forte ca min, a quen non merezo desatarlle a correa das súas sandalias. El bautizaravos con Espírito Santo e lume».

**Narrador:** E sucedeu que, cando todo o pobo era bautizado, tamén Xesús foi bautizado; e, mentres oraba, abríronse os ceos, baixou o Espírito Santo sobre el con aparencia corporal semellante a unha pomba e veu unha voz do ceo:

**Pai:** -«Ti es o meu Fillo, o amado; en ti comprázome». *Palabra do Señor.*

***(Narrador-Xoán-Pai)***



Tenemos muchos amaneceres
por delante, mi pequeño amor.
Y los veremos, te lo prometo,
siempre juntos.







## En cada bautismo ábrese o ceo e soa: ti es o meu fillo amado!

### 1. Ver: Recordando o noso bautismo

- Podemos traer á catequese un álbum de fotos da primeira comuñón ou elaborar un vídeo con algunhas fotos da igrexa onde se celebrou, quen nos acompañou, que fixo o sacerdote, que lembran os familiares daquel día.

***Que recordos nos quedan na casa daquel día?***

### 2. XULGAR: Ti es o meu fillo amado!

- Pasado o Nadal, no evanxeo de hoxe, Xoán Bautista bautiza a Xesús con auga e di que Xesús dará o bautismo ***"do Espírito Santo e lume".*** Mentres se bautizaba, ***"baixou o Espírito Santo sobre el",*** oíuse a voz do Pai dicindo: ***"ti es o meu Fillo, o amado, en ti comprázome".*** Bautismo de Xesús, película: https://youtu.be/xTaScPYfZjk&t=98s

**QUE NOS QUERE DICIR XESÚS SOBRE O NADAL?**

- Que importantes son os nosos pais: como prepararon o meu nacemento, buscando un berce, a primeira roupiña, como os meus pais me acariñaban na barriguiña e me cantaban cancións antes de nacer, con que agarimo pensaron o meu nome, os primeiros xoguetes… Como me prometían o seu amor nos días e con firmeza dicían que non habería nada que poida separarnos e que sempre nos protexerían.
- En cada bautismo ábrese o ceo e óese a voz de Dios: ***"Ti es o meu Fillo, o amado; en ti comprázome***". Sabernos amados por Deus é o máis grande, é o precioso don que recibimos no bautismo. El é o noso Pai, somos amados por El dunha maneira incondicional.
- Só se nos sabemos amados incondicionalmente por Deus, iremos iluminando as nosas desesperanzas e redescubrindo a **nosa vocación de fillos** seus. Xa non podemos vivir coma se non pasase nada, necesito ter unha **VIDA NOVA.** Como é esa vida nova? Amándoo con todo o corazón, relacionándonos con El e con Xesús na oración, vivindo para El e sentindo o Espírito que vive en nós. Pertencendo ao equipo de Xesús, á súa Igrexa, e construíndo o seu reino de amor, de xustiza e de paz, marcando a diferenza: vivindo as benaventuranzas. Non sexas un mal xogador do equipo de Xesús.

Bautizaríaste hoxe?, Verbo Divino 2022, reflexión: https://youtu.be/jG3yQKLJGx8

***Que che deu o bautismo? Bautizaríaste hoxe?***

### 3. ACTUAR: Vive sempre xunto a Deus, teu Pai

- Lembrade o voso bautismo, o voso compromiso, a chamada que temos a unha vida nova. Vive con alegría este gran día, vive con ilusión ao saber que o Espírito de Deus habita en ti e dáche forza para construír un mundo novo e expulsar da túa vida o pecado.. Vive pendente de Deus teu Pai.

Canción sobre o meu bautismo: http://youtu.be/7iyq_FZ1KV0 ***Que ides facer?***

Din que Deus se volveu tolo: https://youtu.be/WwCR-m-rs9E